

COMUNICACIÓN DISPOÑIBILIDADE ARBITRAL

NORMA:

Será de obrigado cumprimento polos/as compoñentes do Comité Técnico de Árbitros da Federación Galega de Balonmán (autonómicos e nacionais) a comunicación e indicación da “NON DISPOÑIBILIDADE” na área privada de cada un/unha antes do luns anterior á disputa da xornada ás 24:00 horas.

En caso de que calquera colexiado/a dispoña de franxas de tempo limitadas para desenvolver a súa labor dentro da Federación Galega de Balonmán deberá comunicalo de xeito inmediato nos seguintes enderezos electrónicos expoñendo os motivos e argumentando os mesmos de xeito oficial (quendas de traballo, etc...):

cte.arbitros@fgbalonman.com
cte.designacion@fgbalonman.com

INFRACCIÓNS:

- EN CASO DE NON COMUNICAR DISPOÑIBILIDADE EN TEMPO E FORMA: No caso de incumprimento desta instrución ditada pola Federación Galega de Balonmán o/a colexiado/a será sancionado/a conforme aos artigos que figuran na sección 4ª do RRD.g., e terá un desconto do 20% dos dereitos arbitrais adquiridos nese mes ou nos que adquira en posteriores datas en caso de que non tivese aínda ningún xerado.

- EN CASO DE RENUNCIAR A UN ENCONTRO DESPOIS DE SER DESIGNADO/A: No caso de que alguén renuncie a un encontro unha vez designado/a sen cumprir coa comunicación en tempo e forma da dispoñibilidade, estará a incorrer nunha falta grave tipificada na sección 4ª do R.R.D.g., o/a colexiado/a será sancionado/a co desconto do importe dos encontros aos que renunciou sobre os dereitos arbitrais adquiridos ou nos que adquira en caso de que non tivese aínda ningún xerado.

EXCEPCIÓNS:

- En casos nos que por causas de forza maior non se poida cumprir coa norma comunicada mediante esta circular, o/a interesado/a deberá enviar un e-mail en copia aos seguintes enderezos electrónicos expoñendo os motivos e argumentando os mesmos de xeito oficial:

cte.arbitros@fgbalonman.com
cte.designacion@fgbalonman.com

En Vigo a 10 de outubro de 2019.

